

LISTA DE ASISTENTES

Ana Amorós Pons
Xosé Baamonde
Alberto Dafonte
Ana Belén Fdez Souto
Oswaldo García Crespo
Paulino Pérez Feijóo
Xabier Martínez Rolán
Diana Ramahí
Fortunato Rodriguez
Enma Torres Romay
Silvia García Mirón
Beatriz Legerén
María Isabel Míguez
José Rúas Araujo
Montse Vázquez Gestal
Carmen López de Aguilera
Javier Abuín

DESCULPAN A SÚA AUSENCIA

Julinda Molares
Román Pereiro
Jorge Lens
David Formoso

2. Informe do Director do Departamento.

O director do departamento, José Rúas Araújo, informa:

- Envío ó profesorado da información sobre el ingreso da produción de investigación e transferencia para o ano 2019 polo mesmo importe que lle correspondera no ano 2018. Infórmase ademais que, debido a que este ano o ingreso faise nunha aplicación orzamentaria diferente a de anos anteriores, no caso de ter previsto imputar *gastos de axudas de custo* (dietas) ou adquisición de *material susceptible de ser inventariable* á súa produción é necesario facer unha estimación aproximada previa para solicitar a transferencia de crédito as partidas orzamentarias correspondentes.
- Produción de investigación e transferencia 2017-2018: falouse a semana anterior coa persoa encargada de recoller e verificar a documentación no Vicerrectorado de Pontevedra (Mary Escaloni. Tlf. 802085. Mail: negociadovicpo@uvigo.es). Tendo en conta que o prazo límite é o 4 de maio, falamos de poñer una data anterior para que eles teñan tempo de comprobar e verificar o que lles enviamos tendo en conta ademais que,

Acta da sesión ordinaria do Consello de Departamento do Departamento de Comunicación Audiovisual e Publicidade da Universidade de Vigo do 28 de febreiro de 2019, convocada para as 13:15h en primeira convocatoria e ás 13:45h en segunda na Sala de Xuntas da Facultade de Ciencias Sociais e da Comunicación.

O día 28 de febreiro de 2019, ás 13:45 h deu comezo a sesión ordinaria do Consello de Departamento do Departamento de Comunicación Audiovisual e Publicidade, co obxecto de tratar os seguintes puntos da **orde do día**:

1. Aprobación, se procede, da acta da sesión anterior:

O professor Paulino Pérez informa que non consta no listado de asistentes do Consello do 13 de decembro, inclúese.

Apróbase.

debe haber un Consello donde aprobar a proposta e remitila ó Vicerectorado correspondente.

Falouse do 8 de abril, xa que o día 12 comeza a Semana Santa e así, se teñen algún problema, hai tempo para requerirmos información... No día de hoxe dende este Negociado chegou un oficio informando que lle fixeron chegar esta data (8 de abril) a tódolos directores de dpto do campus.

Tamén nos dixeron que, si se pode enviar a documentación en papel, por correo interno mellor, máis que nada porque a aplicación, que permite subir algúns documentos, non funciona todo o ben que debería..., e que calquera dúbida, chamemos o lles escribamos sen problema.

3. Presentación e explicación da proposta de modificación do plan da titulación de Comunicación Audiovisual:

O director indica que tráese a proposta aquí para que poida debatirse no Consello e permitir que a Comisión traballara tranquilamente. Que a proposta é resultado de varias reunións das que saíron tres propostas que finalmente convertíronse en unha. Agradece o traballo dos profesores implicados.

-Prof Fortunato Rodríguez:

A modificación é resultado da intención da Xunta de mellorar o mapa de titulacións de Galicia, iniciado no ano 2017. Entre outras cousas, búscase mellorar titulacións duplicadas con alto índice de solicitude, coa intención de que os dous primeiros cursos teñan contidos común, e despois dous anos de especialización, o que poida permitir un intercambio sencillo para os alumnos no caso de facelo.

Destaca que durante ese tempo a Universidade da Coruña púso en marcha un novo grado centrado na Animación Dixital e creación de videoxogos.

O proceso iniciouse con reunións con profesorado actual da titulación, saíron tres propostas que inténtase aunar na que se presenta:

- Tívoise en conta a todo o profesorado a templo completo que forma parte da titulación actualmente. Mantéñese o profesorado estable das áreas afectadas (10). Cae Dereito e Ciencia Política que non tiñan profesorado estable.
- Incluíuse en todos os contidos a orientación hacia a Comunicación
- Importancia da formación teórica e práctica.
- Cumpre o plantexamento da Xunta en canto ás porcentaxes de coincidencia de contidos nos 2 primeiros cursos. Váise propor o intercambio directo dentro do primeiro ciclo entre as universidades galegas.

Proposta:

- 32 materias obrigatorias
- 15 materias optativas (se activan 10). Dúas materias serán semipresenciais.
- Poucos cambios nas denominacións. Cambios máis chamativos os das materias que implican as áreas de Lingua galega e castelá: Audiovisual Galego e Cine e Literatura

Sobre os itinerarios (propostas de materias optativas, xa que non existen itinerarios realmente):

- Cúmpanse ás recomendacións da Xunta.
- Cree que se cumpren os desexos dos alumnos.
- Soluciónanse algúns problemas detectados: materias demasiado grandes, inclúese una materia máis de Son...
- Na nova proposta haberá hasta 15 materias optativas (actívanse 10)

Cuestións plantexadas:

- Profa Silvia García: Existe variación na carga docente das materias?
O prof Fortunato Rodriguez informa que non, só se rebaixa a materia que era moi amplia.
- Prf. Oswaldo García: pregunta si a Xunta decide sobre a especialización de cada Universidade?.
Prof. Fortunato Rodriguez afirma que no, ata hoxe aceptou o que din as universidades, se ben e certo que o grado en Videoxogos de Coruña, condicionou contidos de Santiago e Pontevedra. Que o que lle importa á Xunta fundamentalmente é o intercambio/mobilidade, aínda que sempre foi moi baixa.
- Prof. Mabel Míguez: plantéase a implementación da modificación de xeito conxunto 1º, 2º e 3º curso?
Prof. Fortunato Rodríguez manifesta que, en principio, parece viable, e que só habería un alumno que non querría cambiar de plan, pero afectaría a tres materias. En todo caso é algo sobre o que se pode falar.

Otras cuestións plantexadas polo profesorado:

- Prof. Oswaldo García: orden das materias por cursos e semestres, tal vez debería reflexionar un pouco máis, quizáis algunhas materias deberían estar antes ou despois. Algunhas denominacións non están excesivamente claras ou non se saben ben os contidos, pois non hai descriptores.
- O Prof. Paulino Pérez tamén incide nos contidos, algunhas das materias non ten claro a qué poden facer referencia.
- O prof. Alberto Dafonte tamén manifesta estas cuestións, acaba de coñecer a proposta e necesitaría algún tempo máis para poder valorar ou propor alguna cousa.
- A profa Enma Torres recorda que, noutras ocasións a ANECA recriminou precisamente que o nome das materias non fose excesivamente claro.

Plantexa ademáis o cuestión da semipresencialidade das materias optativas: cáles, cómo se van desenvolver...? Porque o alumno ten que sábelo antes de facer a matrícula e poder dar lugar a moitas peculiaridades.

Tamén chama a atención sobre o cambio da denominación das materias das áreas de Lingua, porque ó introducir termos como audiovisual ou cine, damos pé a que queren extender su participación en outras materias con estes termos o que pode plantexar problemas que tal vez non interesen, xa que as boas relacións actuais cos docentes das materias poden no ser así dentro dun tempo, o con seus departamentos.

- A profa. Silvia García Mirón tamén incide na situación do itinerario que corresponderíase de maneira afín con Publicidade (tendo en conta que non falamos de itinerarios propiamente senón de grupo de optativas). Neste caso só hai tres, e non parecen ter moita relación o asociación con contidos publicitarios, pois son abertos a moitos contido de Comunicación en xeral, polo que moitas áreas poderían pedilas. Propón facer propostas máis específicas e completar a listado.

4.- Aprobación, se procede, da proposta de modificación do Plan de Estudos de Comunicación Audiovisual.

Apróbanse as 32 materias obrigatorias cos cambios na proposta Audiovisual Galego por “O galego no audiovisual”.

Propónse posponer a aprobación das materias optativas, así como o debate sobre rebaixar o TFG a 6 créditos dende os 12 actuais.

Pónse o venres 8 de marzo como límite para facer propostas de materias optativas. O profesorado interesado deb enviar as súas propostas á profesora Beatriz Legerén (coordinadora do grado).

5. Asuntos de profesorado: aprobación de permisos de máis de 15 días.

- Dúas solicitudes:
 - o Prof. Alberto Dafonte Gómez. Pontificia Universidad Católica de Chile
 - o Montse Vázquez Gestal. Universidade de Minho. Portugal

Apróbanse.

6.- Asuntos de trámite

Non hai

7. Rolda de intervencións.

Non hai

Sen máis intervencións levántase a sesión ás 15:30 horas.

En Pontevedra, 28 de febreiro de 2019

O director

A secretaria do departamento

José Rúas Araújo

Montserrat Vázquez Gestal